

# Xosé Monteagudo



Xosé Monteagudo Folgar (Moraña-Pontevedra, 1965) é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e comezou a súa traxectoria literaria ao obter o accésit no premio Modesto R. Figueiredo do ano 2001 co relato *O engado do triángulo*. A súa primeira novela, *As voces da noticia*, resultou gañadora do Premio Blanco Amor no ano 2002.

En 2006 publica a súa segunda novela, titulada *Esta historia*, na que reconstrúe unha biografía xuvenil a partir das lembranzas universitarias.

En 2009 recibiu o Premio García Barros pola novela *Un tipo listo* i é finalista do galardón Frei Martín Sarmiento, que foi traducida ao castelán posteriormente en 2016. En 2012 publicou a novela *O curioso mundo as persoas normais* que foi traducida tamén ao castelán.

No 2017 obtivo o Premio á mellor obra narrativa da II Gala do Libro Galego e o Premio San Clemente Rosalía-Abanca, por *Todo canto fomos*.

Algúns dos seus relatos foron publicados en diferentes revistas e xornais ou en libros colectivos. Monteagudo ademais da súa labor como novelista, tamén imparte cursos sobre narrativa.